

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2025/G005/000030.

Excmo. Sr. alcalde presidente do Excmo. Concello de Lugo, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que se terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércores**, día **30 de xullo de 2025, ás 10.00 horas**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE ALCALDÍA E TRANSICIÓN ECOLÓXICA

SECRETARÍA XERAL DO PLENO

1. RENUNCIA DO PRESIDENTE E DA SECRETARIA DO TRIBUNAL ECONÓMICO ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE LUGO E NOMEAMENTO DE SUBSTITUTOS/AS (2025/G004/000440).

ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ

2. APROBACIÓN DO PROXECTO DA ORDENANZA XERAL DO CEMITERIO DE MASCOTAS DO CONCELLO DE LUGO.

ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

LICENZAS URBANÍSTICAS

3. LICENZA URBANÍSTICA PARA REHABILITACIÓN INTEGRAL DE EDIFICIO EN RÚA DA CRUZ, 13 (Expte: 2024/Y001/000071).

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

4. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E IMPLANTACIÓN DUNHA PLATAFORMA DE XESTIÓN INTEGRAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE LUGO DENTRO DA ESTRATEXIA DUSI MURAMIÑAE DA MURALLA AO MIÑO CÓDIGO DE PROXECTO: 16DUSI001 INCLUÍDO NO PROGRAMA OPERATIVO FEDER ORDE HAP/2427/2015, DO 13 DE NOVEMBRO CON FINANCIAMENTO DO 80%. EXP. REF. 2022-C004-000021. MODIFICACION DO CONTRATO.

5. CONTRATACIÓN DA OBRA DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE ESTRADA EN BREA (TIRIMOL), LIÑAR (VILACHÁ DE MERA) E NAS PROXIMIDADES DO CENTRO SOCIAL DE CALDE. OBRA INCLUÍDA NO PLAN DA DEPUTACION. Exp. ref.: 2025/C002/000013. ADXUDICACIÓN.

6. CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE APARCADOIRO PÚBLICO EN ROF CARBALLO. EXP. REF.: 2025/C002/000003. ADXUDICACIÓN.

7. CONTRATACIÓN - MEDIANTE CATRO LOTES - DO ALUGUEIRO DE CASETAS "STAND" PARA A INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA EN SAN FROILÁN DOS ANOS 2025 E 2026: POSTOS AVENIDA RODRÍGUEZ MOURELO (LOTE 1), POSTOS RÚA PURO CORA (LOTE 2), POSTOS AVENIDA DR. GARCÍA PORTELA (LOTE 3) E POSTOS PRAZA MAIOR (LOTE 4).EXP. 2025-C004-000017. ADXUDICACIÓN.

8. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA TENENTE DELEGADA DA ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA PARA A RESOLUCIÓN DE TÓDOLOS ACTOS DE TRÁMITE E RESOLUTIVOS DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN E AUTORIZACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO RELATIVOS ÁS FESTAS DO SAN FROILÁN 2025.

9. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NO EXCMO. SR. ALCALDE PARA A RESOLUCIÓN DE TODOS OS ACTOS DE TRÁMITE E RESOLUTIVOS EN RELACIÓN COA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE COLABORACIÓN COA INTERVENCIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE LUGO NAS ACTUACIÓNS DE AUDITORÍA PÚBLICA E CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCIONS E DOUTROS TRABALLOS DE COLABORACIÓN INCLUÍDOS NOS PLANS ANUAIS DE CONTROL FINANCEIRO.EXP. REF. 2025-C003-000036.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión á secretaria xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García, -por suplencia do vicesecretario accidental- como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e o interventor xeral municipal, don Luis Manuel Vázquez Parga.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

<i>Asinado dixitalmente á marxe polo Excmo. Sr. alcalde presidente, don Miguel Fernández Méndez.</i>
--